



RESOLUCION DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PARTICIPACION

O Concello de Alfoz ten o obxectivo de promover, fomentar e colaborar co movemento asociativo e de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.

Para conseguir este obxectivo, aprobáronse dentro das bases de execución do Orzamento Xeral do exercicio 2023 as subvencións nominativas para a celebración das festas parroquiais.

Consígnase ademais crédito axeitado e suficiente para esta finalidade no Orzamento Xeral do exercicio 2023.

O 2 de xuño de 2018, publicouse a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, no BOP Lugo nº 125, entrando en vigor o 22 de xuño de 2018.

Esta ordenanza ditada ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ten por obxecto concretar o réxime xurídico xeral da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, así como o procedemento a seguir para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das mesmas.

O 30 de novembro de 2023 ten entrada no rexistro deste Concello (RE 974) a solicitude e anexos de subvención de festas parroquiais da Asociación de Vecinos San Mamede de As Oiras para a Festa na honra da Virxe do Carme e San Mamede realizadas os días 11 e 12 de agosto de 2023, e se incoa o expediente 579/2023.

Logo da emisión de informe sobre verificación da integridade e corrección da documentación presentada en data 27 de decembro de 2023, o Concelleiro delegado de Participación na mesma data dicta decreto 1009/2023 de requerimento de documentación, que é atendido pola Asociación o día 07 de xaneiro de 2024 (RE 22).

No expediente de incorporación de remanentes 1/2024 se inclúe na partida 338.480 a cantidade de 600 euros, figurando mmo desglose da memoria da Alcaldía a subvención para festexos a Oiras, financiada 100 % con cargo a remanente de tesorería.

Comprobada a documentación aportada logo do citado requerimento, pola Secretaría Interventora se emite informe favorable á concesión da subvención.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que este Concelleiro delegado de Educación, Igualdade e Participación (Festas) (Decreto, 453/2023 de 29 de xuño), RESOLVE:

PRIMEIRO. Conceder a Asociación de Veciños San Mamede de As Oiras, provisto de CIF G- 27516046 subvención nominativa por importe de 600,00 euros pola realización dos festexos populares na honra da Virxe do Carme e San Mamede realizadas os días 11 e 12 de agosto de 2023.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 600,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, e dar conta á Base Nacional de Subvencións.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro delegado de Participación (festas)

Asdo. Eliseo Lorenzo García.

